

Máis dun cento de persoas están inscritas para as xornadas de enerxías renovables de Carballo

CARBALLO/LA VOZ. O incremento do consumo de enerxía é constante e os prezos dos combustibles fósiles aumentan a cada paso. Precisamente, a eficiencia enerxética do transporte é unha das pezas angulares das *V Xornadas de enerxías renovables, aforro enerxético e medio ambiente*, que organiza a Asociación de Xóvenes Empresarios de Bergantiños (Axober).

Ata o momento, os inscritos para asistir a un foro que conta co apoio do INEGA, o Concello de Carballo, a Deputación de A Coruña e Sogama superan o centenar. A participación nas xornadas é gratuita e todos aqueles que o desexen aínda teñen de prazo ata o próximo xoves, día 27. Para reservar unha praza hai que chamar ao 981 756 313 ou ben a través da web www.axober.com/xornadas.

Destá maneira, o Pazo da Cultura converterase a partir do vindeiro venres no epicentro dunha actividade que congregará aos principais expertos nos chamados combustibles verdes. Entre eles, representantes de fabricantes como Saunier Duval, Baxi Roca, Sonnenkraft ou Gas Natural.

Unha das enerxías máis descoñecidas en Galicia é a maríña, «e iso a pesar do potencial que ten esta comunidade, sobre todo na zona da Costa da Morte e Ortegale», asegura o profesor da USC Gregorio Iglesias Rodríguez, que participará na xornada do sábado. Hai dous tipos de enerxía que provén do mar, a mareomotriz e a das ondas. Os dispositivos que se colocan no mar «non prexudican para nada o



O profesor Gregorio Iglesias estará nas xornadas carballesas

entorno, son unha especie de superficies flotantes, como pequenos barcos, que se moven coa forza do mar», continúa o profesor da USC. A principal vantaxe con respecto á enerxía eólica na costa, ao seu parecer, baséase «no menor impacto ambiental con respecto aos muíños».

Un dos pratos fortes das xornadas chegará a Carballo o domingo e estará protagonizado polo recién elixido reitor da Universidade de Vigo, Salustiano Mato, que reflexionará acerca da relación entre a enerxía e o medio ambiente para fomentar un mundo máis sostible. Mato é o presidente do Comité Executivo de ENVITE, unha plataforma conformada polos axentes sociais implicados no desenvolvemento sostible no campo das enerxías.

A continuación, Mato daralle paso ao Presidente da Sociedade Sogama, Luís Lamas, quen comentará o modelo de xestión de residuos en Galicia.

«Los parques naturales son el eje de la política de conservación»

La diversidad biológica está disminuyendo a un ritmo sin precedentes, lo que pone en peligro los recursos naturales

Mar Varela

CARBALLO/LA VOZ. Hoy se celebra el Día Mundial de la Diversidad Biológica, una fecha instituida por la ONU para concienciar a la población acerca de la necesidad de preservar la biodiversidad, uno de los pilares del desarrollo sostenible.

—El 2010 es Año Internacional de la Biodiversidad. ¿Qué le parece que se haga hincapié en este tema?

—Es una forma de recordar a la sociedad la importancia de conservar las especies y los hábitats, que son la base de nuestra salud. Además, el 2010 ha significado un año de balance para la ONU. No se han alcanzado los objetivos marcados en Río de Janeiro en 2002. Por eso, en estos momentos la Comisión Europea está estudiando qué estrategia se deberá seguir la próxima década. Unas medidas que se presentarán en el mes de octubre, en la cumbre de Nagoya (Japón).

—En nuestra Comunidad Autónoma se han alcanzado los objetivos básicos?

—Galicia tiene una importante biodiversidad, tanto en ecosistemas, como en flora y fauna. Nuestra estrategia está basada, fundamentalmente, en preservar los espacios protegidos. Los seis parques naturales son el eje de nuestra política de conservación. Con la protección de la biodiversidad nos jugamos nuestra salud, nuestro bienestar y, en una palabra, nuestro futuro.



García-Borregón destaca la biodiversidad de Galicia

—¿Será posible que en un futuro haya más parques naturales en Galicia?

—No, no podemos descartarlo, a pesar de que en la actualidad tienen este estatus unas 50.000 hectáreas. Pero aún existen más espacios que merecen esta figura de protección.

—¿Respetamos los parques naturales?

—Es uno de los lemas del Año de la Biodiversidad. Sin los usos tradicionales que se realizan en los espacios, su conservación no hubiese sido posible.

Por lo tanto, el nombramiento de un nuevo parque natural no se tiene que hacer para las personas, sino con ellas. Su colaboración es básica.

—Los recursos económicos limitan la conservación.

—El dinero es el que es. Por eso, la línea prioritaria en estos momentos es consolidar lo que tenemos y trabajar en la sostenibilidad de su gestión, tanto en parques naturales como en otras figuras. Aun así, estamos planificando las futuras ampliaciones de estos espacios.



O CEIP IRMÁNS VILLAR DE OURENSE É O CAMPIÓN DO ECOPROGUNTUOIRO

A final converteuse nunha festa ourensá, na que participaron o colexio Castrelo do Val e o Irmáns Villar. Incluso antes de comezar, os centros destacaron a calidade dos alumnos que tiñan enfrente e aléxaronse de que dous

colexios da mesma provincia chegasen á última cita do *Ecoproguntouiro*. Foi unha final rifada, con un alto nivel e que se resolveu finalmente polos da cidade das Burgas por un axustado 5-4 | E.J. CERVINO

BREVES

CARREIRA POPULAR

O domingo celébrase a XV edición da *Carreira Popular de Ordes*. Sogama aproveitará a xornada deportiva de mañá para repartir bolsas de papel reciclado entre os participantes da carreira ordense. Dada a estreita relación entre a reciclaxe e o deporte, a Sociedade Galega do Medio Ambiente fará hincapié en que gozar dun entorno saudable é imprescindible a colaboración dos cidadáns.

XORNADAS

A *Fundación Ortegale acollerá uns cursos de saúde ambiental*. As xornadas, que comezaran o 31 de maio en Ortigueira, enmárcanse dentro do Programa Galego de Municipios Saudables e Sostibles, que percorre as principais comarcas de Galicia co fin de coñecer de primeira man as potencialida-

des de cada área. Nesta ocasión, están previstas tres conferencias monográficas e cinco mesas redondas, nas que participarán expertos de alto nivel.

PLAN DE RESIDUOS

O *conselleiro Agustín Hernández presenta os obxectivos do novo plan de residuos*. Os eixos fundamentais da Xunta para os vindeiros dez anos, segundo ven de afirmar o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, centraranse na estabilización da produción do lixo e da recollida selectiva en orixe, nunha primeira fase. Nunha segunda fase, o obxectivo pasa por reducir a xeración dos residuos sólidos urbanos (RSU) nun 10% con respecto a 2009, ano no que se xeraron na nosa comunidade 1,2 millóns de toneladas de lixo.